



## Guía Docente

| Datos Identificativos     |  |                           |  |                 |
|---------------------------|--|---------------------------|--|-----------------|
| <b>Asignatura (*)</b>     | Socioloxía   | <b>Código</b>             | 2016/17<br>611G02003   |                 |
| <b>Titulación</b>         | Grao en Administración e Dirección de Empresas   |                           |  |                 |
| Descritores               |  |                           |  |                 |
| <b>Ciclo</b>              | <b>Período</b>   | <b>Curso</b>              | <b>Tipo</b>  | <b>Créditos</b> |
| Grao                      | 1º cuatrimestre  | Primeiro                  | Formación básica   | 6               |
| <b>Idioma</b>             | Castelán/Inglés  |                           |  |                 |
| <b>Modalidade docente</b> | Presencial   |                           |  |                 |
| <b>Prerrequisitos</b>     |  |                           |  |                 |
| <b>Departamento</b>       | Socioloxía e Ciencia Política da Administración  |                           |  |                 |
| <b>Coordinación</b>       | Martinez Barreiro, Ana Maria Angeles   | <b>Correo electrónico</b> | ana.mbarreiro@udc.es   |                 |
| <b>Profesorado</b>        | Cano Ruiz, Esther<br>Martinez Barreiro, Ana Maria Angeles<br>Masso Lago, Matilde<br>Taboadela Alvarez, Obdulia   | <b>Correo electrónico</b> | esther.cano.ruiz@udc.es<br>ana.mbarreiro@udc.es<br>m.massol@udc.es<br>obdulia.taboadela@udc.es |                 |
| <b>Web</b>                |  |                           |  |                 |
| <b>Descrición xeral</b>   | <p>"Un economista de orixe india explicou nunha ocasión a súa teoría persoal da reencarnación aos seus alumnos de doutoramento en economía: se sodes economistas bos e virtuosos, díxolles, vos reencarnaréis en físicos. Pero se sodes malos e perversos, vos reencarnaréis en sociólogos".</p> <p>Citado en P. Krugman: "Vendendo Prosperidade. Sensatez e insensatez económica nunha era de expectativas limitadas". Barcelona, Ariel, 1994.</p> <p>Trátase de que o alumnado adquira o coñecemento e a perspectiva da actividade económica como un subsistema integrado dentro do sistema global da sociedade, entendida esta como un corpo xeral ou en conxunto, cos seus correspondentes partes integrantes, entre elas as correspondentes ás accións económicas, coas súas correspondentes finalidades específicas e comúns. Nesa visión global ou de conxunto, trátase de dar a coñecer o que o alumnado entenda as conexións, implicacións, reciprocidade e reflexividade da actividade económica dentro da actividade xeral da sociedade. Que o alumnado teña o máis claro posible o papel da actividade económica no escenario conxunto da sociedade.</p> |                           |  |                 |

## Competencias / Resultados do título

| Código | Competencias / Resultados do título   |
|--------|---|
| A3     | Valorar a partir dos rexistros relevantes de información a situación e previsible evolución dunha empresa.  |
| A4     | Emitir informes de asesoramento sobre situación concretas de empresas e mercados.   |
| A5     | Redactar proxectos de xestión ou de áreas funcionais da empresa.  |
| A6     | Identificar as fontes de información económica relevante e o seu contido.   |
| A7     | Entender as institucións económicas como resultado e aplicación de representacións teóricas ou formais acerca de cómo funciona a economía.  |
| A8     | Derivar dos datos información relevante imposible de recoñecer por non profesionais.  |
| A9     | Usar habitualmente a tecnoloxía da información e as comunicación en todo o seu desempeño profesional.   |
| A10    | Ler e comunicarse no ámbito profesional nun nivel básico en máis dun idioma, en especial en inglés  |
| A12    | Comunicarse con fluidez no seu contorno e traballar en equipo.  |
| B1     | CB1-Comprender coñecementos na área de estudo que parte da base da educación secundaria general, que apoiándose en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo |
| B2     | CB2-Saber aplicar os coñecementos ao seu traballo dunha forma profesional e posuír as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de traballo              |



|     |  |
|-----|--|
| B3  | CB3-Saber reunir e interpretar datos relevantes da área de estudo para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.  |
| B4  | CB4-Transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado   |
| B5  | CB5-Desenvolver habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía  |
| B9  | CG4-Saber identificar e anticipar oportunidades, asignar recursos, organizar a información, seleccionar e motivar as persoas, tomar decisións en condicións de - incerteza, alcanzar os obxectivos propostos e avaliar resultados                      |
| B10 | CG5-Respectar os dereitos fundamentais e de igualdade entre homes e mulleres, respectar a promoción dos Dereitos Humanos e os principios de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con minusvalidez.    |
| C1  | Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.   |
| C4  | Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común. |
| C5  | Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.   |
| C6  | Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.  |
| C7  | Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.   |
| C8  | Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.  |

| Resultados da aprendizaxe  |  |                                     |     |    |
|--|--|-------------------------------------|-----|----|
| Resultados de aprendizaxe  |  | Competencias / Resultados do título |     |    |
| <p>Se trata de que o alumnado adquira o coñecemento e a perspectiva da actividade económica como un subsistema integrado dentro do sistema global da sociedade, entendida esta como un corpo xeral ou en conxunto, coas súas correspondentes partes integrantes, entre elas as correspondentes ás accións económicas, coas súas correspondentes finalidades específicas e comúns. Nesa visión global ou de conxunto, trátase de dar a coñecer que o alumnado entenda as conexións, implicacións, reciprocidade e reflexividade da actividade económica dentro da actividade xeral da sociedade. Que o alumnado teña o máis claro posible o papel da actividade económica no escenario conxunto da sociedade Polo tanto, o obxectivo do curso é unha análise introdutoria -aínda que sistemático-, das relacións entre Economía e Sociedade. Obxectivos de aprendizaxe:</p> <p>1.- A análise dos feitos económicos pode -e debe- incorporar elementos de natureza social e política.</p> <p>2.- As bases da teoría económica inclúen, ademais dun corpus teórico-científico, unha determinada concepción do mundo, derivada á súa vez do contexto social onde se inscribe.</p> <p>Estes resultados corresponderanse coas competencias nucleares e transversais da titulación.</p> |  | A3                                  | B1  | C1 |
|  |  | A4                                  | B2  | C4 |
|  |  | A5                                  | B3  | C5 |
|  |  | A6                                  | B4  | C6 |
|  |  | A7                                  | B5  | C7 |
|  |  | A8                                  | B9  | C8 |
|  |  | A9                                  | B10 |    |
|  |  | A10                                 |     |    |
|  |  | A12                                 |     |    |

| Contidos  |   |
|---|---|
| Temas   | Subtemas  |
| Tema 1. O enfoque sociolóxico da actividade económica                                       | Principais teorías da socioloxía económica.<br>Socioloxía e economía: encontros e diverxencias  |
| Tema 2. A dimensión social das institucións económicas: os mercados como estruturas sociais | Socioloxía e Mercado: o mercado como institución social.<br>Mercados e sistemas de mercados<br>As ambivalencias e os límites do mercado.  |
| Tema 3. o método e as técnicas de investigación en Socioloxía                               | A necesidade dun enfoque interdisciplinar<br>Principais técnicas cuantitativas e cualitativas.<br>Análise de actitudes e motivacións económicas   |
| Tema 4. Socioloxía dos Mercados de Traballo   | Conceptos fundamentais: Actividade, emprego e paro<br>As transformacións do traballo: Sociedade do traballo ou Sociedade do desemprego?<br>A dualización e segmentación dos mercados de traballo<br>As mulleres e o emprego<br>Os mozos e o emprego |



|  |  |
|--|--|
| Tema 5. Socioloxía da Empresa                                      | A empresa capitalista. Evolución e perspectivas<br>Fordismo, postfordismo e empresa en rede.<br>Socioloxía e xestión de recursos humanos   |
| Tema 6. Socioloxía do consumo                                      | A socioloxía do consumo<br>A formación da necesidade: Consumo, preferencias e estilos de vida<br>Formas de consumo e publicidade.  |
| Tema 7. As relacións entre Estado e Mercado: o Estado de Benestar  | Modelos, evolución e perspectivas.<br>Crise e reformulación do Estado de Benestar  |
| Tema 8. A voltas coa globalización: nova economía e vellos debates | Descentralización produtiva e cambios nas relacións laborais<br>As Migracións internacionais<br>O capital financeiro dende unha perspectiva sociolóxica  |
| Tema 9. Cuestións socioeconómicas contemporáneas                   | Sociedade e medioambiente<br>Novas formas de exclusión e desigualdade social<br>Os BRIC ´ S: Capitalismos emerxentes e Socioloxía<br>Novos movementos de participación cidadá e crise económica. |

| Planificación          |  |   |                         |              |
|------------------------|--|---|-------------------------|--------------|
| Metodoloxías / probas  | Competencias / Resultados                            | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
| Sesión maxistral       | A3 A5 A6 A7 A8 A9<br>A10 B1 B3 B5 B10 C4<br>C5 C6 C7 | 17                                      | 34                      | 51           |
| Proba obxectiva        | A5 A10 A12 B1 B2 B3<br>B4 C1                         | 2.5                                     | 17.5                    | 20           |
| Obradoiro              | A4 B9 C8   | 25                                      | 50                      | 75           |
| Atención personalizada |  | 4                                       | 0                       | 4            |

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías     |   |
|------------------|---|
| Metodoloxías     | Descrición  |
| Sesión maxistral | Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución dalgunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar o aprendizaxe. La clase maxistral é tamén coñecida como "conferencia", "método expositivo" ou "lección maxistral". Esta última modalidade adóitase reservar a un tipo especial de lección impartida por un profesor en ocasións especiais, cun contido que supón unha elaboración orixinal e baseada no uso case exclusivo da palabra como vía de transmisión da información á audiencia. |
| Proba obxectiva  | Un exame ao final de curso. A computación será do 60 sobre 100 para que compute na avaliación final. É requisito imprescindible pero non suficiente para aprobar a materia  |
| Obradoiro        | Modalidade formativa orientada á aplicación de aprendizaxes na que se poden combinar diversas metodoloxías/probas (exposicións, simulacións, debates, solución de problemas, prácticas guiadas, etc) a través das que o alumnado desenvolve tarefas eminentemente prácticas sobre un tema específico, co apoio e supervisión do profesorado.  |

| Atención personalizada |            |
|------------------------|------------|
| Metodoloxías           | Descrición |
|                        |            |



|           |  |
|-----------|--|
| Obradoiro | <p>A atención personalizada en titorías de despacho permitirá que o profesor/a oriente ao alumno/a sobre obxectivos e metodoloxía.</p> <p>Prácticas por parte do alumnos. Entregarase o programa detallado e calendario das prácticas o primeiro día de clase. Igualmente as horas de atención personalizada poderán dedicarse á explicación, comentario e/ou corrección das prácticas de taller.</p> <p>Ademais do calendario de titorías presenciais nos horarios que se determinen a principio de curso por cada profesor/a, o/a alumno poderá acceder a titorías virtuais a través da ferramenta Moodle, así como a través do correo electrónico do profesor/a.</p> <p>Formaranse dous subgrupos de 15 alumnos/ás. Fixarase unha titoría cunha duración de 6 horas repartidas en tres sesións de 2 horas cada unha para atender dúbidas sobre o traballo tutelado ou sobre a preparación do exame. Avisarase en clase con antelación sobre o lugar en que se van celebrar.</p> |
|-----------|--|

| Avaliación      |                           |  |               |
|-----------------|---------------------------|--|---------------|
| Metodoloxías    | Competencias / Resultados | Descrición   | Cualificación |
| Obradoiro       | A4 B9 C8                  | As prácticas realizaranse sobre os temas propostos no programa. A principio de curso entregarase aos alumnos un programa de prácticas detallado con metodoloxía, obxectivos e avaliación destas.   | 40            |
| Proba obxectiva | A5 A10 A12 B1 B2 B3 B4 C1 | Requirirase a realización dun exame final tipo proba obxectiva de acordo aos contidos do programa. Convén recordar que aínda que o alumno/a supere esta proba non é requisito abondo para aprobar a materia, xa que é imprescindible ter realizado a parte práctica que se explica a continuación. | 60            |

| Observacións avaliación   |
|---|
| Para aprobar a materia sera necesario:1.- Aprobar o exame final sobre os temas propostos. É necesario obter un mínimo de 5 sobre 10 no exame para aprobar a materia. Este exame supón o 60% da cualificación, se ben (independentemente da cualificación obtida), non é suficiente para aprobar a materia. Ademais, obrigatoriamente, terá que:2.- Entregar todas as prácticas propostas puntualmente. Cada práctica valorarase do 1 ao 10. A nota final das prácticas será a media aritmética de todas elas. Cada práctica non entregada cualificarase cun cero, computando como tal no cálculo da media. En caso de falta debidamente xustificada, o profesor comunicará ao alumno oportunamente en clase a solución proposta.3. -Valorarase a participación en clase e a exposición en público das prácticas e outros exercicios propostos.No caso de que o alumno/a aprobese a parte práctica e non superase a proba obxectiva, examinarase na segunda oportunidade da convocatoria da proba obxectiva, mantendo en consecuencia a nota da parte práctica. Na convocatoria adiantada se manterá os criterios de avaliacion da segunda oportunidade. |

| Fontes de información |
|-----------------------|
|-----------------------|



|   |  |
|---|--|
| <p><b>Bibliografía básica</b></p>         | <ul style="list-style-type: none"> <li>- IGLESIAS DE USSEL, Julio y TRINIDAD REQUENA, Anatonio (coord.) (2010). Leer la sociedad. Capít: 3, 7, 9 y 10. Tecnos</li> <li>- ENGUIA M. (1998). Economía y sociología. Para un análisis sociológico de la realidad económica. CIS</li> <li>- ESPING-ANDERSEN, G. (2000). Fundamentos sociales de las economías postindustriales. Ariel</li> <li>- GIDDENS, Anthony (2010). Sociología. Cap. 2,4,5,7,13, 14,20. Alianza</li> <li>- LIGHT, KELLER Y CALHOUN (2000). Sociología. Cap. 3, 7, 9,15, 16, 17, 20. McGraw-Hill</li> <li>- LINDBLON CH. (2002). El sistema de mercado. Alianza Ensayo</li> <li>- MACIONIS (). Sociología. Prentice-Hall</li> <li>- MARUANI M; ROGERAT CH.; TORNS T. (2000). Las nuevas fronteras de la desigualdad: hombres y mujeres en el mercado de trabajo. Primera y segunda parte.. Icaria</li> <li>- MINGIONE E. (1994). Las Sociedades Fragmentadas. Una Sociología De La Vida Más Allá Del Paradigma Del Mercado. Cap. 1, 2,3 y 4. Ministerio de Trabajo y Seguridad Social</li> <li>- PHILLIPS, Bernard (). Sociología. McGraw-Hill</li> <li>- QUIVY R.; CAMPENHOUDT L., (2002). Manual de investigación en ciencias sociales. Pags. 241-268. Limusa Noriega Editores</li> <li>- RECIO, A. (1997). Trabajo, personas, mercados. Manual de economía laboral. Icaria</li> <li>- ROCHER, Guy (1996). Introducción a la Sociología. Pags. 659-670. HERDER</li> <li>- WATSON, T. (1995). Trabajo y sociedad. Manual introductorio a la sociología del trabajo, industrial y de la empresa. Hacer</li> </ul> <p>Ao longo do curso as profesoras poderán incluír bibliografía por temas</p> |
| <p><b>Bibliografía complementaria</b></p> | <ul style="list-style-type: none"> <li>- DOERINGER, P. Y PIORE, M. (1985). Mercados internos de trabajo y análisis laboral. Madrid, Ministerio de Trabajo y Seguridad Social</li> <li>- GORDON, D.M. Y OTROS (1986). Trabajo segmentado, trabajadores divididos. . Madrid, Ministerio de Trabajo y Seguridad Social.</li> <li>- KRUGMAN, P. (1994). Vendiendo Prosperidad: Sensatez e insensatez económica en una era de expectativas limitadas. Barcelona, Ariel</li> <li>- MARX, K. (1984 (1867-75)). El Capital. Vol.1. Madrid, Ed. SXXI</li> <li>- RITZER, G. (1996). La Mcdonalización de la sociedad. Barcelona, Ariel</li> <li>- SENNET, R. (1998). La corrosión del carácter. Las consecuencias personales del trabajo en el nuevo capitalismo. Barcelona, Anagrama</li> <li>- TOHARIA, L. (Ed) (1983). . El mercado de trabajo: teorías y aplicaciones. Madrid, Alianza</li> <li>- VELASCO, R (1996). Los economistas en su laberinto. Madrid, Santillana</li> <li>- CASTILLO, J.J. (Ed). (2005). El trabajo recobrado. Madrid, Miño y Dávila</li> </ul>  |

## Recomendacións

**Materias que se recomenda ter cursado previamente**

**Materias que se recomenda cursar simultaneamente**

**Materias que continúan o temario**

Política Económica/611G02016

Análise Económico das Organizacións/611G02023

Investigación de Mercados/611G02024

Coportamento do Consumidor. Productos e Marcas/611G02037

Políticas Sociais e Medioambientais da Empresa/611G02038

**Observacións**



(\*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías